

Destinatario: D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ

Asunto: Notificación da resolución da solicitud de acceso.

Expediente: DAIP1/2020.

Resolución do letrado oficial maior do Parlamento de Galicia, do 27 outubro de 2020, da solicitude de acceso á “información publicada a todos os medios de comunicación polo Gabinete de Comunicación do Parlamento o 3 de abril de 2020 que di: O Parlamento de Galicia transfire á Xunta unha partida de 2 millóns de euros”

O 14 de outubro de 2020, a Oficialía Maior da Cámara recibe un escrito (doc. núm. 3491) remitido por D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ no que solicita: copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago, datos actualizados do gasto e xustificación, información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreta deste, se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.

Motiva a súa solicitude na realización dun amplo dossier sobre as campañas políticas sobre o COVID19 nas grandes capitais provinciais.

Tendo en conta os seguintes

Fundamentos de derecho

A Lei de Galicia 1/2016, do 16 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ten por obxecto regular a transparencia e a publicidade pública, entendendo esta como a desenvolvida cun financiamento público, así como o dereito da cidadanía a acceder á información pública (art. 1 da Lei 1/2016); debendo entenderse por esta, os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación dessa lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Entre os suxeitos comprendidos no seu ámbito de aplicación está o Parlamento de Galicia en relación coas súas actividades suxeitas a dereito administrativo e, en todo caso, respecto dos seus actos en materia de persoal e contratación [art. 3.1.d) da Lei 1/2016].

Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (art. 24 da Lei 1/2016), dentro das limitacións legalmente establecidas (art. 25 da Lei 1/2016, en relación cos arts. 14 e 15 da Lei 19/2013). Ese dereito exercerase coa presentación da correspondente solicitude (art. 26 da Lei 1/2016) que se tramitará conforme á normativa básica do Estado (art. 27 da Lei 1/2016).

Polo exposto

RESOLVO:

1. En relación coa solicitude de “entrega da copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago”, precisase que a información solicitada versa sobre un expediente tramitado pola

26 OUT. 2020

Núm. 881

Cámara para transferirlle á Xunta de Galicia o importe de 2.000.000,00€ cara a contribuir polo Parlamento a afrontar a situación económica ocasionada pola COVID19. Este expediente consistiu nunha modificación orzamentaria realizada ao abeiro do disposto nos artigos 10 e 15 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (BOPG núm. 362, do 27 de maio de 2003), coa finalidade de habilitar o crédito existente na Tesouraría e poder así transferilo á Xunta de Galicia, previamente informado pola Intervención do Parlamento, co conseguinte acordo adoptado en sesión do 3 de abril de 2020 pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento, do que se deu conta ao Pleno do Parlamento de acordo ao previsto no artigo 57.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia na sesión plenaria do 22 de setembro de 2020.

É dicir, non se precisou de convenio ou outro documento para a súa formalización á parte do mencionado acordo do que se achega unha copia.

2. En relación coa solicitude de “datos actualizados do gasto e xustificación” e “se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.”, o Parlamento non dispón de información sobre o destino final ao que a Xunta de Galicia dedicou ou poida dedicar os fondos transferidos. Motivo polo que ao non estar esa información no noso poder, trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

Non obstante, cómpre indicarle que a transferencia efectuouse sen unha concreción finalista mais alá de “contribuir economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID19”. Como sabe a pandemia existente supón un maior esforzo económico das arcas públicas en todos os eidos amén do incremento dos gastos de carácter sanitario. Ao que hai que engadir o recordatorio de que en materia orzamentaria rexe o principio de universalidade, o que supón que o excepcional son os ingresos claramente afectados a un fin determinado.

3. En relación coa solicitude de “información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreto deste”, o Parlamento non é o titular da conta bancaria no que se efectuou o ingreso, senón a Xunta de Galicia, motivo polo que ao non ser titular a Cámara desa información trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

De conformidade co establecido no artigo 20.2 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), contra a presente resolución, poderá interporse recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a Mesa do Parlamento.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020.

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial menor



PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA

26 OUT. 2020

Núm. 882

Destinataria: Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Asunto: Traslado de petición derivada do exercicio do dereito de acceso á información pública referida a aquela que non obra en poder da Administración do Parlamento de Galicia (art. 19.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en relación co art. 27.1 da Lei de Galicia 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno).

Expediente: DAIP1/2020.

O 14 de outubro de 2020, a Oficialía Maior da Cámara recibe un escrito (doc. núm. 3491) remitido por D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ —do que se traslada unha copia—, no que solicita: copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago, datos actualizados do gasto e xustificación, información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreta deste, se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.

Motiva a súa solicitude na realización dun amplio dossier sobre as campañas políticas sobre o COVID19 nas grandes capitais provinciais.

En relación con esta solicitud, esta Oficialía Maior, con data do 26 de outubro de 2020, ditou resolución nos termos seguintes:

1.º) En relación coa solicitud de “entrega da copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago”, precisase que a información solicitada versa sobre un expediente tramitado pola Cámara para transferirle á Xunta de Galicia o importe de 2.000.000,00€ cara a contribuir polo Parlamento a afrontar a situación económica ocasionada pola COVID19. Este expediente consistiu nunha modificación orzamentaria realizada ao abeiro do disposto nos artigos 10 e 15 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (BOPG núm. 362, do 27 de maio de 2003), coa finalidade de habilitar o crédito existente na Tesouraría e poder así transferirlo á Xunta de Galicia, previamente informado pola Intervención do Parlamento, co conseguinte acordo adoptado en sesión do 3 de abril de 2020 pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento, do que se deu conta ao Pleno do Parlamento de acordo ao previsto no artigo 57.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia na sesión plenaria do 22 de setembro de 2020.

É dicir, non se precisou de convenio ou outro documento para a súa formalización á parte do mencionado acordo do que se achega unha copia.

2.º) En relación coa solicitud de “datos actualizados do gasto e xustificación” e “se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.”, o Parlamento non dispón de información sobre o destino final ao que a Xunta de Galicia dedicou ou poida dedicar os fondos transferidos. Motivo polo que ao non estar esa

26 OUT. 2020

Núm. 882

información no noso poder, trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

Non obstante, cómpre indicarle que a transferencia efectuouse sen unha concreción finalista mais alá de "contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID19". Como sabe a pandemia existente supón un maior esforzo económico das arcas públicas en todos os eidos amén do incremento dos gastos de carácter sanitario. Ao que hai que engadir o recordatorio de que en materia orzamentaria rexe o principio de universalidade, o que supón que o excepcional son os ingresos claramente afectados a un fin determinado.

3.") En relación coa solicitude de "información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreto deste", o Parlamento non é o titular da conta bancaria no que se efectuou o ingreso, senón a Xunta de Galicia, motivo polo que ao non ser titular a Cámara desa información trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

O que se comunica en cumprimento do disposto no art. 19.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, en relación co art. 27.1 da Lei de Galicia 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.


Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020.

Xosé Antón Sarmiento Méndez


Letrado oficial maior



PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO



PARLAMENTO
DE GALICIA



Destinataria: Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Asunto: Traslado de petición derivada do exercicio do dereito de acceso á información pública referida a aquela que non obra en poder da Administración do Parlamento de Galicia (art. 19.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en relación co art. 27.1 da Lei de Galicia 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno).

Expediente: DAIP1/2020.

O 14 de outubro de 2020, a Oficialía Maior da Cámara recibe un escrito (doc. núm. 3491) remitido por D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ —do que se traslada unha copia—, no que solicita: copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago, datos actualizados do gasto e xustificación, información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreta deste, se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.

Motiva a súa solicitude na realización dun amplio dossier sobre as campañas políticas sobre o COVID19 nas grandes capitais provinciais.

En relación con esta solicitud, esta Oficialía Maior, con data do 26 de outubro de 2020, ditou resolución nos termos seguintes:

1.º) En relación coa solicitud de “entrega da copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago”, precisase que a información solicitada versa sobre un expediente tramitado pola Cámara para transferirlo á Xunta de Galicia o importe de 2.000.000,00€ cara a contribuir polo Parlamento a afrontar a situación económica ocasionada pola COVID19. Este expediente consistiu nunha modificación orzamentaria realizada ao abeiro do disposto nos artigos 10 e 15 do Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (BOPG núm. 362, do 27 de maio de 2003), coa finalidade de habilitar o crédito existente na Tesouraría e poder así transferirlo á Xunta de Galicia, previamente informado pola Intervención do Parlamento, co conseguinte acordo adoptado en sesión do 3 de abril de 2020 pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento, do que se deu conta ao Pleno do Parlamento de acordo ao previsto no artigo 57.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia na sesión plenaria do 22 de setembro de 2020.

É dicir, non se precisou de convenio ou outro documento para a súa formalización á parte do mencionado acordo do que se achega unha copia.

2.º) En relación coa solicitud de “datos actualizados do gasto e xustificación” e “se ditos fondos destináronse ao pago a empresas provedoras ou á merca de material como máscaras, etc.”, o Parlamento non dispón de información sobre o destino final ao que a Xunta de Galicia dedicou ou poida dedicar os fondos transferidos. Motivo polo que ao non estar esa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
26 OUT. 2020
Núm.882.....

información no noso poder, trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

Non obstante, cómpre indicarlle que a transferencia efectuouse sen unha concreción finalista mais alá de “contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID19”. Como sabe a pandemia existente supón un maior esforzo económico das arcas públicas en todos os eidos amén do incremento dos gastos de carácter sanitario. Ao que hai que engadir o recordatorio de que en materia orzamentaria rexe o principio de universalidade, o que supón que o excepcional son os ingresos claramente afectados a un fin determinado.

3.") En relación coa solicitude de “ información sobre a conta bancaria onde se efectuou o ingreso e data concreto deste”, o Parlamento non é o titular da conta bancaria no que se efectuou o ingreso, senón a Xunta de Galicia, motivo polo que ao non ser titular a Cámara desa información trasladámoslle a súa solicitude á Xunta de Galicia, ao abeiro do estipulado no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo.

O que se comunica en cumprimento do disposto no art. 19.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, en relación co art. 27.1 da Lei de Galicia 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2020.

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

PARLAMENTO
DE GALICIA
REXISTRO



REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 29/10/2020 13:59:24

SAIDA

12925/20

D. Miguel Ángel Delgado González
R/ Juan Castro Mosquera 28 2º dereita
15005 A CORUÑA

DAIPVP-3-20

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020

Estimado Sr.:

Vista a súa solicitude de acceso á información pública referente á transferencia de cantidade da Valedora do Pobo á Xunta de Galicia, resulta o seguinte:

Antecedentes

Único.- O 6 de outubro de 2020 tivo entrada no Rexistrio da Valedora do Pobo a solicitude de información pública na que se reclaman: copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago e datos actualizados do gasto e xustificación; se ditos fondos foron destinados á compra de material falsificado; e conta bancaria de destino.

Fundamentos xurídicos

Primeiro.- De conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia, entendéndose por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

Segundo.- A segunda das solicitudes atópase afectada polo previsto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (“se a solicitude se refire a información que non obre en poder do suxeito ao que se dirixe, este a remitirá ao competente, se o coñecera, e informará desta circunstancia ao solicitante”).

Polo anterior **Resolvo:**

Proporcionar a información solicitada, que figura a continuación.

-Copia do convenio, doazón, destino exacto do ingreso, xustificación do pago e datos actualizados do gasto e xustificación.

Non existe convenio, senón documento preceptiva para o trámite de devolución de remanente de tesourería acumulado, 2.000.000 de euros, con destino a Xunta de Galicia, para afrontar a emerxencia económica ocasionada polo COVID-19.

A operación se atopa debidamente fiscalizada pola Intervención Xeral do Parlamento de Galicia e da Valedora do Pobo, e foi aprobada pola Presidencia do Parlamento de Galicia e ratificada pola Mesa dese Parlamento.

Achegamos copia dos documentos coas disociacións debidas.

-Se ditos fondos foron destinados á compra de material falsificado.

Tal información atópase afectada polo previsto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo (a información non obra en poder do suxeito ao que se dirixe).

Neste caso a resposta só pode proporcionala a propia Xunta de Galicia, a quien se traslada a súa solicitude de acceso.

Porén, debe ter en conta que o ingreso dos fondos no Tesouro non afecta a estes no seu conxunto. A normativa financeira das administracións establece o principio de desafectación dos ingresos públicos, polo que os ingresos se entenden destinados a financiar o conxunto de obrigas derivadas da actividade dese administración. A aplicación dese principio non parece alterada polo motivo da transferencia.

-A conta bancaria de destino.

A conta destinataria da transferencia consta disociada nun dos documentos achegados, no que se indica que o destino é a Xunta de Galicia. Non é ningunha das que vostede menciona.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co dispuesto no artigo 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación



desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

M^a Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(asinado dixitalmente)

PROPOSTA Á MESA

(MC Nº 05/2020)

Crédito extraordinario por importe de 2.000.000,00€ para transferir á Xunta de Galicia e contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID 19 (partida 01.02.111B.710) financiado con Remanente de Tesourería do ejercicio 2019

Actualmente está declarado o estado de alarma a nivel nacional polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, por mor da crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, que a súa vez ten sido obxecto de prórroga vía Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, ata o día 11 de abril incluído. O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel 1G (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A Xunta de Galicia está facendo cara á emerxencia coordinándose coas diferentes administracións e entidades públicas e privadas. Esta situación inédita implicou adoptar diversas medidas tanto preventivas como de axudas extraordinarias en distintos eidos, debido as consecuencias que a dita paralización implica.

A Institución da Valedora do Pobo é consciente das necesidades imperiosas que existen na Comunidade Autónoma a causa do COVID19, e dispón dun remanente de tesouraría resultante da liquidación do exercicio 2019 que lle permite atender aos seus gastos sen tensións nestes meses inmediatos, polo que estima que pode dispoñer de ata 2.000.000,00 € de fondos líquidos para transferir á Xunta de Galicia e así contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID 19.

Para efectuar esta operación cómpre crear ex novo a partida 01.02.111B.710 dotándoa mediante a aprobación dun expediente de crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería do exercicio 2019.

Polo exposto, esta valedora somete á Mesa do Parlamento a seguinte resolución:

1.- Aprobación dun crédito extraordinario por importe de 2.000.000,00 € para dotar de crédito a partida 01.02.111B.710, creada ex novo, financiado con remanente de Tesourería do exercicio 2019.

2.- Dar traslado da resolución á intervención.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2020.

A valedora

RESOLUCIÓN DA VALEDORA DO POBO DE AUTORIZACIÓN, DISPOSICIÓN E APROBACIÓN DE GASTO PARA TRANSFERIR Á XUNTA DE GALICIA CO FIN DE CONTRIBUÍR ECONOMICAMENTE A AFRONTAR A EMERXENCIA SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19

Actualmente está declarado o estado de alarma a nivel nacional polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, por mor da crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, que a súa vez ten sido obxecto de prórroga vía Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, ata o día 11 de abril incluído e polo Real Decreto 487/2020, de 10 de abril, ata o 25 de abril incluído. O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emergencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activou o Plan territorial de emergencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emergencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

A Xunta de Galicia está facendo cara á emergencia coordinándose coas diferentes administracións e entidades públicas e privadas. Esta situación inédita implicou adoptar diversas medidas tanto preventivas como de axudas extraordinarias en distintos eidos, debido as consecuencias que a dita paralización implica.

A Institución do Valedor do Pobo, consciente das necesidades imperiosas que existen na Comunidade Autónoma a causa do COVID19, e tendo un remanente de tesouraría positivo con marxe para seguir xestionando os seus gastos sen tensións, considerou a posibilidade de dispoñer de ata 2.000.000,00€ dos seus fondos líquidos para transferir á Xunta de Galicia e así contribuír economicamente a afrontar a situación ocasionada polo COVID 19.

Para efectuar esta operación solicitou da Mesa da Deputación Permanente do Parlamento crear ex novo a partida 01.02.111B.710 dotándoa mediante a aprobación dun expediente de crédito extraordinario financiado co seu Remanente de Tesourería do exercicio 2019, para o cal o dito órgano é o competente segundo o Regulamento orzamentario e contable.

Debido á situación de confinamento en que nos atopamos a dita proposta foi inicialmente aprobada por Resolución da Presidencia o 8 de abril de 2020, quedando pendente de ratificación pola Mesa da Deputación Permanente, o que tivo lugar no día de hoxe, 22 de abril de 2020.

Polo exposto, dispoñendo xa de crédito no orzamento, esta valedora RESOLVE:

- 1.- A autorización, disposición e aprobación dun gasto por importe de 2.000.000,00 € para transferir á Xunta de Galicia para contribuír economicamente a afrontar a emergencia sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- 2.- Dar traslado da resolución á intervención.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2020.


A valedora

VALEDOR DO POBO

ADOP

ADOP

Data: 23/04/2020
 Núm. Operación: 202000000925
 Tipo Operación: ADOP
 Ref. Intervención: 20.20.000136.001.001.001

Contabilidade do Orzamento de Gastos

ORZAMENTO CORRENTE

Centro xestor: SERVIZOS ADMINISTRATIVOS

Cl. Rem. N	Ano 2020	Cl. Orgánica 0102	Cl. Programa 111B	Cl. Económica 710	P.G.C.P. 6555	Importe 2.000.000,00 EURO
---------------	-------------	----------------------	----------------------	----------------------	------------------	------------------------------

Aplicación orzamentaria: Devolucion remanente de tesouraría acumulado

Importe en Letras: # dous millions euros #

Datos Bancarios:

Interesado: XUNTA DE GALICIA

Forma de Pago: Transferencia

Importe Líquido 2.000.000,00 EURO

Descripción da Operación: XUNTA DE GALICIA: APORTACION PARA AFRONTAR A EMERXENCIA EC
OMICA OCASIONADA POLO COVID 19.

Organo de Aprobación: 1 - A VALEDORA
 Data: 23/04/2020

A xefa de contabilidadeData:

A Interventora

A valedora



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Horreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 30/10/2020 10:42:35
SAIDA 12976/20

D. Miguel A Delgado González, Plataforma en
Defensa del Sector Marítimo Pesquero de
Galicia (PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera 28 2º dereita
15005 A Coruña

Reclamante: D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)
Expediente. Nº RSCTG 49/2020

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), mediante escrito que tivo entrada no Rexistrio do Valedor do Pobo o 16 de abril de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 16 de abril de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade do 13 de abril de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información sobre solicitudes de donativos mediante campañas de publicidade.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

A entidade reclamante alega que solicitou información e documentación pública sobre solicitude de donativos mediante campañas de publicidade pedindo diñeiro aos cidadáns a través de 4 entidades bancarias baixo a xustificación do coronavirus e que se vulneraron os seus dereitos de acceso á información por inadmitir sen mais a solicitude presentada.

Segundo.- Con data do 20 de abril de 2020, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de xuño de 2020. A solicitude de remisión de informe reiterouse con data do 1 de xullo de 2020.

Terceiro. Mediante correo electrónico do 21 de setembro de 2020, a Consellería de Sanidade comunica que a Dirección Xeral de Recursos Económicos lle remitirá información sobre os donativos.

Con data do 14 de outubro de 2020, a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo copia do expediente e informando que o interesado solicitou información e documentación pública sobre solicitude de donativos mediante campañas de publicidade, pedindo diñeiro aos cidadáns a través de catro entidades bancarias baixo xustificación do coronavirus e a resposta dada pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade foi que nin por parte desta Consellería nin por parte da Xunta de Galicia solicitáronse os donativos nos termos expostos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo governo, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación que consta no expediente, a resolución contra a que se reclama ten data do 13 de abril de 2020 e a reclamación contra a mesma presentouse con data do 16 do mesmo mes, debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e disponible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no ejercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obligatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben porque se está a solicitar información sobre unha actuación administrativa que non se produciu, o suxeito obrigado cumple a súa obriga, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe. De acordo co anterior, considérase axeitada a resposta dada pola Consellería de Sanidade respecto da información solicitada, por tanto informa ao solicitante de forma expresa, mediante a inadmisión da súa solicitude, que nin por parte da Consellería nin por parte da Xunta de Galicia solicitáronse os donativos nos termos expostos.

De acordo co anterior, en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, procede a desestimación da reclamación presentada, polo que a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) con data do 16 de abril de 2020, contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade do 13 de abril de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información sobre solicitudes de donativos mediante campañas de publicidade.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por

76706870F MARIA DOLORES

FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2020.10.29 17:51:38 +01'00'

Maria Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia